

DIRIXIDO AO SERVIZO DE MOBILIDADE
DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURAS E VIVENDA,
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO
LUGO
Data 18/09/2018 09:41:44
ENTRADA 85451 / RX 237535



Santiago Cubillas Alvarez, concelleiro e portavoz do PP no concello de Lãncara,
EXPÒN

Que dende o concello de Lãncara se desprazan a Lugo uns 15-20 estudantes de luns a venres, tendo como orixe a parada de A Pobra de San Xiao. Soamente hai un autobús a primeira hora da mañá (sobre as 7:45 h) que de servizo a estes usuarios para que poidan chegar a Lugo a tempo de comezar as súas clases. Hai outros buses as 7:26 e 9:02 h, pero non se adaptan ao horario dos estudantes.

Para o regreso dende Lugo, unha vez rematadas as clases as 14:15 h, non dispoñen de ningún autobús ata as 15:20 h, obrigando a estes usuarios a esperar unha hora. Este autobús non ten prazas suficientes, e a empresa vese obrigada a poñer outro autocar ao mesmo tempo. Durante moitos anos existiu unha liña que saía de Lugo ás 14:35, a cal era empregada maiormente polos estudantes da zona. Actualmente, hai outros buses as 13:45 e as 17:30 h, pero eses horarios non dan servizo aos estudantes.

Por todo o exposto,

SOLICITO

Que dende o Servizo de Mobilidade medien coa empresa, para que se estude a posibilidade dunha liña que saiga antes de Lugo, sobre as 14:35. Desta forma non sería necesario poner dous autobuses ás 15:20, e habería un servizo máis completo.

En Lãncara, a 17 de setembro de 2018

